



**AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA O
MÉRCORES 9 DE XANEIRO DE 2019**

PRESIDENCIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

20,00 h.- O titular do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, acompañado polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, presidirá a entrega do VI Premio á Excelencia Empresarial do Club Financeiro de Santiago que se lle concede á empresa Castrosua.

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

SAN CAETANO

12,30 h.- O vicepresidente da Xunta, **Alfonso Rueda**, e a conselleira de Política Social, **Fabiola García**, acompañados da presidenta da Federación de Autismo de Galicia, María José Álvarez Folgar, presentarán a nova sinalética con pictogramas para persoas con autismo no Edificio Administrativo de San Caetano.

BAIONA (Pontevedra)

18,00 h.- O vicepresidente da Xunta, **Alfonso Rueda**, acompañado pola secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, e polo director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado, coñecerán de primeira man o Proxecto "Igual a Nós". Tamén asistirá o alcalde, Ángel Rodal.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

FERROL

11.00 h.- O delegado territorial da Xunta de Galicia, Ovidio Rodeiro, fará entrega aos adjudicatarios de nove vivendas de Protección Oficial ubicadas no Concello de As Pontes de García Rodríguez.

TRAZO (A Coruña)

13.00 h.- O delegado territorial da Xunta de Galicia, Ovidio Rodeiro, visitará as obras realizadas ao abeiro da orde de axudas a concellos, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para conservar e revalorizar o patrimonio natural de Galicia no ámbito de Rede Natura na comarca de Santiago.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO



LUGO

10,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, fará balance en **rolda de prensa**, das axudas ás empresas lucenses.

MEIRA (Lugo)

12,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, visitará o IES Pedregal de Irimia.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

GONDOMAR (Pontevedra)

12.00 h.- O delegado da Xunta en Vigo, Ignacio López-Chaves, acompañado do xefe territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, César Pérez Ares, visitará as obras realizadas no CEIP Serra Vincios.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

PONTEVEDRA

11,30 h.- A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, **Ángeles Vázquez**, visitará os traballos de reforma e rehabilitación no Barrio de Monteporreiro, que está a executar o Instituto Galego de Vivenda e Solo. O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís, tamén participará na visita.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

SAN CIBRAO DAS VIÑAS (Ourense)

12,00 h .- A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, **Ethel Vázquez**, acompañada pola delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz, supervisará as obras da conexión do Polígono de San Cibrao coa autoestrada A-52.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

RIBEIRA (A Coruña)

11,00h.- O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, **Francisco Conde**, participará na presentación do proxecto *i-Work: creación dunha cultura de emprego inclusivo na comarca do Barbanza*.

SAN CAETANO



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

12,30h.- O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces, presentará a convocatoria de axudas para parques empresariais e viveiros de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

MADRID

11,00 h.- A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, **Carmen Pomar**, participará na Conferencia Sectorial de Educación.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

VIGO

17,30 h.- O conselleiro de Cultura e Turismo, **Román Rodríguez**, acompañado polo delegado territorial da Xunta en Vigo, Ignacio López-Chaves, presentará o II Concurso de Rondallas.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

20,30 h.- O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, asistirá ao concerto de presentación de *Mestre Vide. Obra para piano e canto-piano* co que se conmemora o 125º aniversario do nacemento do compositor José Fernández Vide.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SAN LÁZARO

09,00 h.- O Edificio Administrativo do Sergas acollerá a segunda das xuntanzas para traballar na definición do novo modelo de atención primaria. O acto contará coa presenza do director xeral de Asistencia Sanitaria, Jorge Aboal Viñas. A esta segunda xuntanza está convocado o persoal de servizo xerais (PSX) e os fisioterapeutas.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09,30 h.- A conselleira de Política Social, **Fabiola García**, participará nun almorzo con Executivas de Galicia.

SAN CAETANO



16,30 h.- A conselleira de Política Social, **Fabiola García**, reunirse con responsables da Asociación Galega de Familias Numerosas (Agafan).

A CORUÑA

10,00 h.- O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Ildefonso de la Campa, visitará o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade da Coruña.

SADA (A Coruña)

12,00 h.- O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Ildefonso de la Campa, visitará a residencia e o centro de día da Asociación de Pais de Persoas con Parálise Cerebral da Coruña (Aspace).

SAÚDOS,
COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA